

MISA CON NENOS

28-novembro-2021

Advento 1º-C

Lucas 21,25-28.34-36: *“Estade espertos, levantádevos”.*

Mensaxe: **DESPERTA**, déixate regar pola Palabra,
inunda de vida a túa casa e o teu mundo



**ESPERTA, déixate regar pola Palabra,
inunda de vida a túa casa e o teu mundo.**

1. ACOLLIDA

Monitor:

Irmáns e irmás: Hoxe comezamos unha nova viaxe, un novo camiño. E como en toda viaxe, necesitamos estar puntuais para que non se vaia o tren sen nós. O Advento é ese sinal que teñen as estacións para indicarnos que sae o tren..., ese chifro. Non o perdas, que non cho contén. Comezamos o tempo de Advento, unha viaxe que ten como destino o Nadal, o Nacemento de Xesús ao que nos imos preparar. Debemos vivir con intensidade esas catros etapas do traxecto, eses catro domingos que comezamos hoxe. Neste primeiro domingo de Advento, **apurémonos**, poñamos o espertador, iniciando xa esa preparación ao encontro co Señor, acendendo a candeia da escoita da Palabra.

(Saímos co cartel de Fano da 1ª semana de Advento, o leccionario e, se se quere, a mensaxe: “ESPERTA, déixate regar pola Palabra, inunda de vida a túa casa e o teu mundo”).

SAÚDO DO SACERDOTE: *Xesús, o Señor, que virá a nós no Nadal, sexa convosco.*

2. COROA DE ADVENTO

Sacerdote: Comezamos a nosa celebración acendendo a primeira candeia de Advento. Que esa luz, sexa luz no noso interior, luz de confianza no Señor que vén.

(Acéndese a 1ª candeia e a continuación o sacerdote recita esta oración).

Acendemos, Señor, esta luz na nosa **primeira semana de Advento**. Queremos apurarnos, levantarnos, para esperarte preparados. Queremos estar espertos e vixiantes, porque Ti vas vir ao mundo aínda que moitos non che esperan. Vés, Xesús, e tráenos a luz máis clara, a paz máis profunda e a alegría máis verdadeira. **-Ven, Señor, Xesús!**

Todos:


-Ven, Señor, Xesús!



3. PETICIÓN DE PERDÓN *(alternativas)*

Sacerdote: *En silencio, na presenza do Señor, pedímoslle a súa graza, o seu amor e o seu perdón.*

- **Pais:** Xesús, que vés abrir un camiño novo na nosa vida: *Señor, ten piedade de nós.*
- **Catequistas:** Mesías esperado, que vés dar a Boa Noticia aos pobres: *Cristo, ten piedade de nós.*
- **Nenos:** Fillo de Deus, que vés para realizar todas as esperanzas da humanidade: *Señor, ten piedade de nós.*



4. ENTRONIZACIÓN DO EVANXEO DE LUCAS-MONICIÓN ÁS LECTURAS

(Non estaría mal que hoxe fixésemos a procesión inicial co novo leccionario ao principio deixándoo sobre o altar. E antes das lecturas facer un xesto de bicar o leccionario cunha breve monición).

Damos inicio a un novo ciclo nas lecturas da misa, o ciclo C. O evanxalista deste ano é Lucas. Lucas é o máis universalista é o evanxeo do Espírito.

É o evanxalista máis humano porque fala da misericordia -con parábolas propias como a do fillo pródigo-, da infancia de Xesús, da Virxe María, da salvación, dos pobres, da alegría, e tamén da muller, pois presenta un número de protagonistas femininas moi superior a todos os restantes libros do Novo Testamento...

A vida cristiá, para Lucas, é o seguimento de Xesús con trazos típicos como o camiño, a vixilancia, a oración, e a alegría.

Escoitemos pois con atención o evanxeo de Lucas neste novo ano litúrxico: traeranos, luz, paz, forza, a Palabra do mesmo Deus.

LECTURAS

XEREMÍAS 33, 14-16: *Suscitarei a David un renovo lexítimo.*

Xa chegan días “oráculo do Señor” en que cumprerei a promesa que fixen á casa de Israel e á casa de Xudá.

Naqueles días e naquela hora, suscitarei a David un renovo lexítimo que fará xustiza e dereito na terra.

Naqueles días salvarase Xudá, e en Xerusalén vivirán tranquilos, e chamarana así: “O Señor é a nosa xustiza”.

Palabra do Señor.

- **SALMO 24:**

R/ A ti, Señor, levanto a miña alma.

I TESALONICENSES 3,12-4,2: *Que o Señor afiance os vosos corazóns, para cando veña Cristo.*

LUCAS 21,25-28.34-36: *Estade espertos, levantádevos.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Haberá signos no sol e a lúa e as estrelas, e na terra angustia das xentes, perplexas polo estrondo do mar e a ondada, desfalecendo os homes polo medo e a ansiedade ante o que se lle vén encima ao mundo, pois as potencias do ceo serán sacudidas.

Entón verán o Fillo do home vir nunha nube, con gran poder e gloria.

Cando empece a suceder isto, **levantádevos, alzade a cabeza; achégase a vosa liberación.**

Tende coidado de vós, non sexa que se ceguen os vosos corazóns con esmorgas, borracheiras e as inquietudes da vida, e bótesevos encima de súpeto aquel día; porque caerá como un lazo sobre todos os habitantes da terra.

Estade, pois, espertos en todo tempo, pedindo que poidades escapar de todo o que está por suceder e mantervos en pé ante o Fillo do home».

Palabra do Señor

5. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Sacerdote: Unidos a aos desexos e esperanzas de todas as xentes, oremos dicindo:

-Ven, Señor Xesús.

1.- Ven, Señor, para que todos os que formamos a Igrexa sexamos portadores de esperanza. **Oremos**

2.- Ven para que non se nos cegue a mente co consumismo, as luces e as festas. **Oremos.**

3.- Ven para que escoitando a túa Palabra, recibamos a Cristo que nos trae a salvación. **Oremos.**

4.- Ven para que nos espertemos da rutina, da nosa falta de misericordia. **Oremos.**

5.- Ven para contaxiar de ilusión, amor e entrega aos que están desanimados. **Oremos.**

6.- Ven, Señor, e aínda que outros non che esperen, que nós preparemos a túa vinda. **Oremos.**

7.- Ven para que as nosas familias sexan unha verdadeira igrexa doméstica e transmitan con alegría a fe aos seus fillos. **Oremos.**



Sacerdote: Ven, Señor, axúdanos a preparar a túa vinda pois necesitamos de ti. Por XCNS.

6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **ESPERTADOR:**

Con este despertador queremos simbolizar -Señor- o noso desexo de estar cos cinco sentidos postos en ti. Fai que, neste tempo de Advento, nos apuremos para preparar en profundidade a túa chegada.

MURAL DE PROBLEMAS DO MUNDO:

Con este mural que recollen as páxinas máis negras do noso mundo, queremos presentarche, Señor, o noso desexo de que saias ao noso encontro e nos axudes a facerlles fronte.

O EVANXEO DE CADA DÍA:

Ofrecemos estes evanxeos como expresión do noso compromiso de ler cada día de Advento o evanxeo e meditalo xa sexa persoalmente ou en familia.

PAN E O VIÑO:

Finalmente, Señor, ofrecémosche o pan e o viño. Que pola túa man poderosa se convertan no teu Corpo e o teu Sangue, e tamén nos traia a forza necesaria para camiñar como fillos teus.

ORACIÓN DE GRAZAS

Xesús, quero espertarme, orando

Señor, comezamos o novo tempo de Advento, un tempo para buscar a estrela que oriente a miña vida.

Se escoitamos os maiores, os avós, que tanto saben da túa Palabra e de facer a túa vontade, dinnos que espertemos, que apuremos porque queres vir á nosa vida.

Xeremías e Xesús recórdannos: “estade en vela, estade preparados... vén o Señor”.

Por iso queremos estar moi atentos para oírte cando chames suavemente á porta do meu corazón.

Que nesta primeira semana de Advento, acendamos a candeia da escoita da Palabra: confrontando a vida co evanxeo, orando, buscando momentos para pedirche, darche grazas, rezando sos e coa familia.

Así, deixarémonos regar pola túa Palabra, inundando de vida a nosa casa e o mundo.

...Porque vés, Xesús, meu amigo, en Nadal.

FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.

RED CATEQUISTAS GALICIA

“A CATEQUESE COMEZA NA CASA...
E CONTINÚA NA PARROQUIA”.